Para o custe da vida

CADA VEZ CUSTA MÁIS CUBRIR AS NECESIDADES MÁS BÁSICAS

11



FÍO DO RELATO

Suba desbocada do custo da vida, da cesta da compra e dos subministros enerxéticos

↓

Estancamiento salarial e perda continuada do poder adquisitivo para a maioría social

↓

Esforzo estéril das familias por apretar o cinto fronte a carestía

↓

Beneficios millonarios e acumulación de riqueza en mans de grandes empresas

↓

Organización, mobilización e resposta colectiva (Folga Xeral)

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

euro que gastamos, hai empresas que seguen aumentando os seus marxes e obtendo beneficios millonarios. Por que as que producimos, transportamos ou ofrecemos os servizos que a sociedade necesita non vemos mellorar as nosas condicións, mentres quen controla eses negocios e propiedades poden acumular cada vez más riqueza? Se a economía funciona grazas ao traballo e ao consumo da maioría, **por que cada vez lle custa máis vivir a esa maioría?**

O 11N PARAMOS

Ao final, o problema non é que non saibamos xestionar os nosos cartos e que teñamos que aprender a gastar menos. O problema é que cada vez custa máis cubrir as nosas necesidades, os nosos salarios non dan para o mesmo e unha parte cada vez maior da riqueza acaba concentrada en mans duns poucos. A folga xeral é unha ferramenta para poñer freo a esta carestía, plantar cara aos abusos e esixir condicións de vida dignas para toda a sociedade.

Podes apoiar de distintos xeitos: secundando as mobilizacións, difundindo as reivindicacións ou participando nas asembleas e redes de apoio do teu barrio. **Deixámosche un cartel para difundir entre a túa xente? Queres que che informemos das convocatorias do comité de folga?**

CADA VEZ CUSTA MÁIS CUBRIR AS NECESIDADES MÁIS BÁSICAS

Cada vez custa máis facer algo tan básico como encher la neveira, pagar a luz ou poñer a calefacción. Vas ao supermercado e cos mesmos cartos levas menos cousas que vai uns anos. Non é que de súpeto gastemos máis, é que o básico custa cada vez máis. Non falamos de luxos, senón de poder comer ben, manter a casa a unha temperatura axeitada e vivir sen estar calculando constantemente que custo podemos permitirnos e cal temos que deixar para outro momento. **Notaches canto cambiou o que gastas na compra e as necesidades básicas?**

TRABALLAMOS, PERO OS NOSOS SALARIOS NON DAN PARA VIVIR

A sensación é que traballamos para vivir, pero cada vez vivimos peor. Aínda que teñas un emprego, entre a compra, os suministros e os custos cotiáns, os cartos desaparecen rápido. Os prezos suben, pero os nosos soldos non o fan ao mesmo ritmo, así que cada vez podemos comprar menos co que gañamos. E isto non se soluciona dicíndolle á zente que aforre máis ou que traballe máis duro. Podes recortar gastos ata certo punto, pero non podes deixar de comer, de quentarte en inverno, de pagar facturas. **Ti tamén tes a sensación de que, aínda que traballes, cada vez che custa máis chegar a fin de mes?**

MENTRES VIVIMOS CON CADA VEZ MENOS, AS GRANDES EMPRESAS ACUMULAN BENEFICIOS

Cando suben os prezos, semella que non hai nada que facer, coma se fose unha lei natural e todos tívesemos que resignarnos. Pero detrás de moitos deses prezos hai empresas que toman decisións e obteñen enormes beneficios. Mentres nós temos que mirar cada